



A MIÑA RELACIÓN
CON GALICIA E A
MIÑA OPCIÓN POLA SÚA
LINGUA É SIMPLEMENTE
UNHA HISTORIA DE AMOR

Meira V. Moreno

Sombra
e luz

LETRAS 2018

ÍNDICE:

● BIOGRAFÍA	5
● CARTEL 1. UNHA INFANCIA ESTREMEÑA	7
● CARTEL 2. ESTUDANDO LINGUAS	9
● CARTEL 3. 1963: GALICIA	11
● CARTEL 4. VOCACIÓN DOCENTE	13
● CARTEL 5. SOMBRA E LUZ	16
● CARTEL 6. FAMILIA, AMIZADES	17
● CARTEL 7. POETA E NARRADORA	18
● CARTEL 8. DIARIOS, ENSAIOS E TRADUCIÓNS	23
● CARTEL 9. CANS, COMA NÓS, FÓRA A ALMA	25
● CARTEL 10. UN ÚLTIMO AGASALLO	28
● CUESTIONARIO DA EXPOSICIÓN	29
● SOLUCIÓNS AO CUESTIONARIO DA EXPOSICIÓN	30
● BIBLIOGRAFÍA	32

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Política Lingüística
IES Gonzalo Torrente Ballester, Pontevedra

Coordinador

Manuel Martí Figueiras

Autoría

María Dolores Valiño Ferrín
Sabela Bará Louro
Elena Fernández Rodríguez
Iria Cortegoso Otero
Rita Gómez Torres

Profesorado colaborador

Pablo Sobral Arosa
Clara Magdaleno González
Nadia Seijas Gallego
Francisco Manuel Castaño Garrido

Alumnado do IES Gonzalo Torrente Ballester

Dep. Legal: C 738-2018



BIOGRAFÍA

María Victoria Moreno naceu en Valencia de Alcántara (Cáceres) en 1939. Foi unha estremeña circunstancial, pois nin a nai nin o pai tiñan raíces en Estremadura. Sara Márquez, malagueña, e Vicente Moreno, toledano, casaran en 1937, cando el estaba mobilizado na guerra. Ela quedou vivindo na casa dun irmán e alí naceu María Victoria. Logo dun tempo en Badaxoz, o pai foi destinado en 1943 a Segovia, onde viviron ata 1949, ano da morte de Vicente Moreno. Sara Márquez, tras rematar a excedencia que solicitara como mestra, puxo escola en Sepúlveda (Segovia) e alí foi vivir con María Victoria e os seus irmáns, Sara, Antonio e Rafael.



En 1951, grazas a unha bolsa, María Victoria marchou a Barcelona a cursar o bacharelato, interna nun colexio da Sección Feminina. Era máis vella que as compañeiras xa que, por mor da difícil situación familiar, non puidera matricularse antes e, para facer cadrar a súa idade coa delas, comezou a afirmar que nacera en 1941, e de aí vén a confusión sobre a súa idade.



En Barcelona aprendeu o catalán e o francés e descubriu a literatura ao ler por vez primeira *O Quixote* ou *O principião*, que se habían de converter nas súas obras favoritas.

De 1958 a 1963, estudou Filosofía e Letras, sección de Filoloxía Románica, na Universidade Complutense de Madrid. Alí coñeceu a José Luis Llácer, un invidente que buscaba alguén que lese para el. Ao rematar a carreira, en 1963, casou e foi vivir con el a Pontevedra, onde Llácer fora contratado como profesor, no colexio Santiago Apóstolo da ONCE.

En 1965, despois dun tempo como profesora interina nesta cidade, aprobou as oposicións de lingua e literatura española e foi destinada ao Instituto Masculino de Lugo (hoxe IES Lucus Augusti), onde ensinaba Xesús Alonso Montero, que influiría de forma decisiva no seu compromiso con Galicia e coa lingua galega. Con el había manter unha estreita amizade toda a súa vida.

En 1967, regresa á Cidade do Lérez como profesora de literatura española no Instituto Feminino (agora IES Valle-Inclán). Na ditadura franquista non se ensinaba o galego; porén, María Victoria dedicaba parte das clases dos venres a ensinar literatura galega.

Ao longo da súa vida docente, tamén dará clases no Instituto de Vilalonga (Sanxenxo) e, finalmente, no Instituto Mixto número 5 (logo IES Gonzalo Torrente Ballester).

En 1972, gaña o 2.º Premio O Facho polo conto *Crarisca e o Luceiro* e empeza a impartir cursos de galego non remunerados en Pontevedra, Vilagarcía e Ourense (organizados pola Sociedade Amigos da Cultura e polo Ateneo), un labor desinteresado que lle suporía a retirada do pasaporte en 1974.

En 1973, José Luis e mais ela inician o proceso de adopción dos seus fillos Begoña e Carlos e María Victoria publica o seu primeiro libro, *Mar adiante*, que inclúe o relato premiado o ano anterior e que a converte nunha das pioneiras da literatura infantil e xuvenil en galego. Tamén edita a antoloxía



bilingüe *Os novísimos da poesía galega*, unha compilación de textos de poetas nados despois de 1943, e abre en Pontevedra, con oito socias e socios, a librería Xuntanza, onde se podían mercar libros prohibidos pola censura e editados fóra de España.

En 1975, recibiu o Premio O Facho con *O cataventos* (incluído en 1979 en *Contos pra nenos*, a primeira obra en galego que foi Lista de Honra do IBBY). En 1983, publicou *A festa no faiado e en 1986, Leonardo e os fontaneiros*, que acadaría o terceiro lugar no certame O Barco de Vapor e se convertería na súa obra favorita. Outras lecturas súas destinadas ao público máis novo son *¿Un cachiño de bica?* (1994), *¿E haberá tirón de orellas?* (1997), *¡Xa non teño medo!* (1998) ou *Eu conto, ti cantas...* (2005).

Consciente da necesidade de materiais para o ensino e a lectura en galego, publicou con outros autores os libros de texto *Literatura. Século XX*, para COU (1985) e *Literatura, 3 BUF* (1987) e traduciu do catalán *Mecanoscrito da segunda orixe*, de Manuel de Pedrolo (1989).

Foi unha das fundadoras da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX) en 1989. Tamén participou en varias campañas de lectura. O seu relato "Querida avoa" publicouse no volume *Leria*, dentro da Campaña de Animación á Lectura da Xunta de Galicia de 1991 e, un ano despois, formou parte da colección Contos do Castromil.



No ano 1988 a editorial Galaxia creou a colección Árbore de literatura infantil, que codirixiría durante dez anos. Neste mesmo ano saíu do prelo *Anagnórise*, que obtivo un enorme éxito e foi recoñecida en 1990 na Lista de Honra do IBBY.

En 1996 morreu Llácer e, ao ano seguinte, diagnosticáronlle cancro de mama, mais continuaría a impartir a docencia ata 2002.

En 1999, publicou a novela xuvenil *Guedellas de seda e liño*, que obtivo unha mención especial na Lista White Ravens da Biblioteca Internacional para a Mocidade de Múnic en 2002.

En 2003, casou co mariño cubano Pedro Ferriol, a quen coñecera grazas a unha carta que el lle enviara a través da editorial para gabar *Leonardo e os fontaneiros*. El sería un apoio indispensable para ela na última etapa de vida e creación.

En 2004, publicou *Diario da luz e a sombra*, un libro no que fai unha reflexión sobre a súa experiencia co cancro, a doenza que a levaría o 22 de novembro de 2005.

Ao ano seguinte saíu do prelo, de forma póstuma, *Elexías de luz e*, en 2009, *Onde o aire non era brisa*, a súa primeira novela, escrita en 1969, traducida xa ao galego por vontade súa.

Nos últimos anos da vida recibiu numerosas homenaxes; por exemplo, a dos libeiros na Feira do libro de Pontevedra, a do profesorado do IES Torrente Ballester, o último centro no que deu clase e ao que lle legou a súa colección de libros, e outras que non viviu para presenciar, como a do VII Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, en 2006, ou a do colectivo feminista A Segá, que lle dedicou o Día das Galegas nas Letras en 2015.

En 2018 é a figura protagonista do Día das Letras Galegas e isto convértea na cuarta muller, tras Rosalía de Castro, Francisca Herrera e María Mariño, que leva ese recoñecemento na historia da celebración.

CARTEL 1 UNHA INFANCIA ESTREMEÑA



“Alcores de Donalvar ten mil casas, é dicir, ten mil homes silenciosos, cuxas mans loitan coa terra e coa pedra. Ten mil mulleres renegridas coma codias de pan de centeo e macilentas coma as rachadelas de roupa triste. Ten rapaces para todos os niños, para todos os cans, para todas as pozas... Ten vellos para todas as sombras, para todos os bancos, para todos os aires...

Alcores de Donalvar ten unha igrexa de vellos perpiaños coa súa espadana e tres campás. É dicir, ten sons para os bos e para os malos ventos, niño para as cegoñas e sentinela para as conciencias.”

Onde o aire non era brisa

ACTIVIDADES

- María Victoria Moreno naceu en Valencia de Alcántara (Cáceres). Investiga para saber por que motivo naceu nese lugar.
- *Onde o aire non era brisa* está ambientada en Alcores de Donalvar, unha vila imaxinaria de Castela. Cres que ten relación con algún dos lugares onde viviu a súa autora?
- Realiza un percorrido con Google Maps por todos os sitios onde viviu María Vitoria Moreno ao longo da súa vida. Canto tempo pasou en cada un deles?
- María Victoria será galega ou estremeña? Razóao. Onde viviu máis tempo? De onde se sentía?

“-Daquela -dicia- co quiñón de leite das escolas facemos o mesmo có ano pasado.

-De qué fala?

-Do leite americano -dixo dona Milagros-. O quiñón que dan para as escolas queda no Concello. Del sácase o que fai falta para o comedor escolar e uns quilos para os aguinaldos dos pobres. O resto repártese.

-Entre quen?

-Entre todos nós -aclarou con inocente naturalidade-. Mesturado con cacao está moi bo.

-Pero iso non está ben.”

Onde o aire non era brisa

“Santiago e os seus irmáns aprenderon a traballar antes que a xogar. A sacha, a trilla e a muxidura das ovellas constituían as súas máis frecuentes angueiras. Tamén se ocupaban dos recados, de levar o trigo ao muíño -sempre a pé, tras os asnos cargados- e de recoller no cruzamento a correspondencia que o coche de liña traía para os Coroneis. Isto era para Santiago o máis importante de todo.

Paseaba a súa presa de cartas gravemente, coma quen leva consigo algo sagrado. Axitábase e perdía a calma ante o enigma encerrado nos sobres azuis e brancos. As letras, aliñadas en estruturas descoñecidas, lanzábanlle unha poderosa chamada que percorría o seu corpo e lle batía nas tempas.

-Que sorte -díciase- é pintar nun papel o que se pensa e mandalo mundo adiante dentro dun sobre.

No seu triste mundo de restroballos e ermos non había mares nin barcos. Non existía máis azul có do ceo nin máis ondas cás dos trigais ondulados pola brisa. Soñaba para as súas cartas horizontes de outeiros cor ocre e chairas sucadas pola proa de mil arados... Aínda así os seus soños eran amplos coma o océano.

- Padre, cando poderei aprender a ler?

- Cando vaias ao servizo militar.

Pero o exército estaba lonxe de máis e cumpría facer algo para acalmar a furia daquela chamada. Por iso decidiu ir á escola. A súa determinación non causou desgusto, como temía, nin contento, como desexaba. Causou simplemente sorpresa, sentimento inhóspito que na maioría dos casos procede do enfrentamento antagónico de dúas realidades: unha positiva que arrastra e desborda e outra negativa, incapaz de recibir. A sorpresa é a única realidade baleira coma a nada e densa coma a lama. [...]

- Para que queres ir á escola? -Díxolle seu pai.

- Para aprender a escribir.

-Juan aprendeu no cuartel.

-Si, pero eu non podo ir á mili até dentro de nove anos e necesito aprender antes.

Nove anos. Máis de tres mil días. Milleiros de cartas coma cravos acendidos sobre as palmas das mans e tras as sens. Non podía ser.

- Fillo, vas pasar moito frío cando veñan as xeadas. Non paga a pena.

A nai só pensaba no corpo que xermolara no seu propio corpo. Na invernia sufrida tantas veces sobre a súa propia pel. Ela non sabía doutros fríos nin doutras ardencias.

- Eu nunca teño frío, madre. O que teño son ganas de aprender. Xa verá vostede, cando vaia á escola...”

Onde o aire non era brisa

ACTIVIDADES

- ➔ María Victoria Moreno naceu un mes despois de rematar a Guerra Civil. Procura información en Internet sobre este conflito e realiza unha presentación para a aula. Que consecuencias tivo a vitoria de Franco no eido político, social e cultural?

Podes ler *O lapis do carpinteiro* de Manuel Rivas ou ver o filme para saber máis do tema.
- ➔ A autora homenaxeada viviu a súa infancia na posguerra. Investiga para saber como foi a súa vida antes e despois de morrer o pai. Por que afirmaría “Entón sóubose na miña casa o que era querer unha cousa e non podela ter”?
- ➔ Como era a situación económica, social e política nestes anos? Busca información en Internet e pregúntalles ás persoas maiores. Facede unha posta en común con toda a información recollida.

- Constrúe unha liña do tempo. Sinala os principais acontecementos da vida de María Victoria en cor verde e os acontecementos da historia de España en cor vermella. Podes visitar esta páxina de M. Carricoba e M. Arias para guiarte na elaboración:

<http://www.slideshare.net/uraca60/titorial-facer-unha-lia-de-tempo-contimerime>.

- A novela *Onde o aire non era brisa* está ambientada nos anos sesenta. Nela deberon influír as vivencias da adolescencia de María Victoria e as da nai, mestra en varias vilas castelás. Como cres que era a vida daquela? Pregúntalles ás persoas da túa familia.
- No primeiro texto fálase do leite americano. A que fai referencia? Que era o Plan Marshall e que repercusións tivo en España? Investiga en Internet para atopar información.
- Despois de ler os textos anteriores, prepara un debate sobre o tema da educación dos nenos e nenas. Como era o ensino na época da ditadura? Compárao co da época da preguerra e co de hoxe en día.

CARTEL 2 ESTUDANDO LINGUAS

“Para o meu mestre don Rafael Lapesa, que gañou con palabras e para as palabras o meu corazón. Para os meus alumnos, que sempre encheron de luz a miña vida.”

Guedellas de seda e liño

ACTIVIDADES

- María Victoria Moreno descubriu o pracer da lectura cando estudaba o bacharelato en Barcelona. Le a súa biografía para saber cales eran as súas lecturas favoritas e as linguas que aprendeu nesta etapa.
- Procura información no cartel 2 para saber cales foron os profesores universitarios cos que adquiriu o gusto pola precisión da linguaxe e o coidado do léxico.
- Unha característica que tiña de seu era a solidariedade. Na Universidade, deu clases de francés nun barrio humilde e tamén lía para José Luis Llácer, que era invidente. Busca nos carteis e na biografía para descubrir a relación que os chegaría a unir.

“Eu sei catalán, portugués, francés moi ben, italiano... Por iso xa cando cheguei a Pontevedra empecei a chamar a atención pola miña capacidade para o galego. Aquí toda a xente de fóra dicía “soubas”. Pero como é unha articulación prepalatal fricativa e xorda, souben recoñecela e pronunciala perfectamente desde o comezo. E a xente dicía: “¡Ai, esta di “xoubas” ¿E logo que querías que dixese?”. Logo, lin a don Ramón Otero Pedrayo. E seguí aprendendo moito léxico. E, sobre todo, é que me interesaba. Interesábame porque estaba comprometida coa xente que falaba en galego, que eran os traballadores, os obreiros, os labregos... Ademais, eu escribo en galego porque teño dereito a facelo, porque podo e porque o fago mellor que moitos galegos sen ser galega de orixe.”

Neira Cruz, X. A. (1999), *Fadamorgana*, n.º 3

ACTIVIDADES

- ➔ María Victoria Moreno era políglota. Que significa este termo? Procura no texto anterior e nos carteis información sobre as linguas que coñecía.
- ➔ Esta paixón polas linguas permitiulle realizar moitas traducións grazas ás cales difundiu a literatura galega fóra da nosa terra; por exemplo, a versión castelá de *O can Rin e o lobo Crispín*, de Casares, ou a versión catalá da súa obra *A festa no faiado*.

Tamén traduciu do portugués ao castelán a obra *Dois idiotas sentados cada qual no seu barril*, da brasileira Ruth Rocha. Velaquí tes un fragmento na lingua orixinal: Despois de o ler, resume o seu contido. Éche doado?

Dois idiotas sentados: o Teimosinho e o Mandão;
muito bem acomodados, com suas velas na mão.
Cada qual no seu barril
de pólvora recheado,
começan, num tom gentil,
cada qual mais educado.

- Oh Seu Teimosinho não é por nada não,
mas será que Vossa Senhoria poderia apagar essa sua velinha?

-Muito bem Excelência, Muito bem.
Mas poderia Vossa Excelência me dizer
por que minha velinha estaria
incomodando Vossa Excelência.

- Pois não vê Vossa Senhoria que esta velinha
pode se constituir num perigo para minha propriedade,
Já pensou que sua velinha pode,
naturalmente sem que Vossa Senhoria tenha culpa,
sua velinha pode por fogo no meu barril de pólvora!

- Desculpe Excelência, mas e a sua velinha?
Não pode botar fogo no meu barril de pólvora?

Dois idiotas sentados, agora muito espantado
cada qual no seu barril, uma vela em cada mão.
Educados, mas não tão, numa ameaça sutil.

- Cavalheiro, quer ter a bondade de apagar sua velinha
que eu já estou ficando nervosinho!

Rocha, R., *Dois idiotas sentados cada qual no seu barril*

ACTIVIDADES

- ➔ Nun momento en que o ensino en galego estaba a comezar, María Victoria Moreno foi consciente da necesidade de verter ao galego obras doutras linguas, para fomentar a lectura e normalizar o idioma. Así, forneceu textos para o alumnado que tiveron un enorme éxito, como *Mecanoscrito da segunda orixe*, de Manuel de Pedrolo. Neste sentido foi unha pioneira.
- ➔ Intenta trasladar o seguinte fragmento do catalán ao galego sen consultar a obra orixinal.

“I aleshores, quan l'Alba ja deixava el cistellet per tal de llançar-se a l'aigua sense ni treure's la roba, puix que només duia uns shorts i una brusa sobre la pell, el cel i la terra van començar a vibrar amb una mena de trepidació sorda que s'anava accentuant, i un dels nois, que havia alçat el cap, digué:

—Mireu!

Tots tres van poder veure una gran formació d'aparells que s'atansava remorosament de la llunyania, i n'hi havia tants que cobrien l'horitzó. L'altre noi va dir:

—Són platets voladors, tu! I l'Alba va mirar encara un moment cap als estranys objectes ovalats i plans que avançaven de pressa cap a la vila mentre la tremolor de la terra i de l'aire augmentava i el soroll creixia, però va pensar de nou en el fill de la seva veïna Margarida, en Dídac, que havia desaparegut en les profunditats de la resclosa, i es va capbussar en l'aigua, darrera els nois, que s'havien oblidat del tot de llur acció i ara deien:

—Guaita com brillen! Semblen de foc!”

De Pedrolo, M., *Mecanoscrito del segon origen*

ACTIVIDADES

- Que teñen en común o galego, o portugués, o castelán e o catalán? Debatede sobre as oportunidades que nos ofrece a nosa lingua para nos comunicarmos co mundo lusófono e sobre as vantaxes de coñecer linguas que nos axuden a aprender outras pola súa semellanza.

CARTEL 3 1963: GALICIA



“Unha gaita -soño de lágrimas e símbolo de distantes terras verdes- trouxo recendos de auga á tarde empoeirada. Uns homes -cinco ou seis homes tristes- falaban co aire, seguros de que as súas voces chegarían a distantes praias:

Se vas a san Benitiño
non vaias ao de Paredes
que é moito mais milagreiro
san Benitiño de Lérez.

Delicada canción que falaba de terras soñadas, viaxes esperanzadas e milagres outorgados por un santo entrañable.

Santiago coñecía ben os galegos porque durmía con eles na palleira dos Coroneis durante o tempo que duraba a seitura.

Elena tamén os coñecía porque cada tarde pasaban baixo o seu balcón varias cuadrillas que volvían dos campos. Gustáballe velos pasar non como gusta ver pasar o tren, senón como gusta ver pasar o río. Pensaba que aqueles homes viñan en busca de pan e pagábano tristemente con algo que, por humilde, ninguén apreciaba. Tamén coñecía, aínda que de lonxe, a vida en Galicia. Anos atrás fixera unha viaxe a Vigo e bordeara a costa atlántica por estradas labradas sobre as rochas e alcanzadas pola espuma do mar. Sentira, como desde moi antigo se sentira en Galicia, o desexo de falar cos piñeiros, coas ondas ou co vento para preguntarlles por cousas grandes e belas. Cousas para as que non teñen palabras os homes. Gardaba de Galicia un doce e emocionado recordo.

- Estes galegos -comezou o rapaz- son xente moi rara. Teñen terras e véñense aquí a pasalo mal e a durmir nas palleiras.

- Iso non é raro. As súas terras son alegres por fóra, pero dan moi tristes colleitas. Veñen porque necesitan os cartos que gañan.

- Eu non sei como se atreven a facer unha viaxe tan longa. Din que pasan preto de doce horas no tren.

Para as xentes que coñecen o mar iso non é unha viaxe longa.”

Onde o aire non era brisa

“A actitude ante a lingua, a ética e o compromiso cos seus falantes herdeiros de quen foi o meu mestre, de quen me honro en recoñecer como mestre.”

Moreno, M. V. (2000). *La Voz de Galicia*, 22 de febreiro



“Aquí (en Lugo) comecei a vivir en serio, a rir en serio, a chorar en serio... Eu son unha muller desde que cheguei a Galicia e por iso coído que é a miña terra. Podes comprender que, si Galicia non me é indiferente, a súa fala tampouco. Eu son profesora de lingua e quero ser unha muller que respira na vida. Por iso penso que a situación do galego non se pode ver con indiferenza. Se estou coa xente que amasa o meu pan e mais colle no mar os peixes da miña mesa, tamén quero falar con eles, falar a súa fala.”

García Mato, J. L. (1974). *El Progreso*, 15 de abril

“O galego é unha vella lingua de cultura, pero daquela había unha clara diferenciación social, e era a lingua dos pobres. Pero fillo, cos pobres sempre estiveron! Daquela fíxome moita ilusión traballar polo galego, e se tivese outra vez vinte anos volvería a facelo.”

Fraga, X. (2017). *La Voz de Galicia*, 18 de xuño

“Decateime de que aquí a palabra estaba reprimida, o galego era a palabra dos pobres, dos mariñeiros, dos labregos... Nas escolas, os nenos que falaban galego eran humillados constantemente e ata pagaban multas. Daquela comprometinme afectiva e socialmente a axudar a esa xente a defender a súa lingua.”

Varela, M. (2001). *Diario de Pontevedra*, 2 de setembro

“[...] ningunha literatura me necesita a min. Escribo en galego porque amo a Galiza, porque Galiza me deu moito, porque penso en galego, porque collín a causa dos pobres...”

Carballa, X. (2004). *A Nosa Terra*, 30 de decembro

ACTIVIDADES

- Le o fragmento de *Onde o aire non era brisa*. Que opinión ten Elena sobre os galegos? Que lembranzas garda de Galicia? Este episodio pode ter algo que ver con María Victoria? Coñeces algunha outra escritora que se refira na súa obra á emigración galega a Castela para a seitura? Investiga.
- A quen se refire María Victoria Moreno no artigo “O mestre das palabras”? Onde o coñeceu e que influencia tivo na súa vida? De que institución foi presidente?
- Le o cartel 2. En que momento se converteu María Victoria nunha activista a prol da lingua galega, un compromiso que ela vinculou sempre ás reivindicacións de democracia e xustiza social?
- Por que elixiu traballar en galego e polo galego? Quen influíu nesta decisión e onde a tomou? Pode ter relación coa empatía e solidariedade que tiña de seu?
- Por que afirma María Victoria que o galego era a lingua dos pobres?

“Eu non son alófona porque o que practico, se é que escribo, podería definirse coma unha amorosa autofonía. A lingua de Galicia desde hai moitos anos - máis da metade da miña vida- é a lingua de meu. [...] A miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha historia de amor.”

Moreno, M. V. (1994). “Escritora alófona, eu?”, en *Poetas Alófonos en Lingua Galega*

ACTIVIDADES

- Como definía María Victoria a súa relación con Galicia e co galego?
 - Que outros escritores ou escritoras coñeces que, malia non seren galegos, adoptasen a lingua galega?
 - Na seguinte listaxe aparecen algúns nomes de escritores alófonos que, sen naceren en Galicia, escribiron a súa obra en galego. Sublíñaos:

Luis Seoane, Camilo José Cela Trulok, Úrsula Heinze, Federico García Lorca, Marilar Aleixandre, Perozo, Erin Moure, María Xosé Queizán, Xavier Alcalá, Torrente Ballester, Fina Casalderrey, Valle-Inclán
 - Por que cres que María Victoria non se considera unha escritora alófona?
- María Victoria chegou a Galicia en 1963. Ese ano celebrouse por primeira vez o Día das Letras Galegas e ela é a cuarta muller á que se lle dedica a efeméride. Busca na páxina da Real Academia Galega (<https://academia.gal/letras-actual>) información sobre as outras tres e compártea co resto da clase.
 - Compare o número de mulleres homenaxeadas co de homes e realízade un debate sobre o papel da muller na literatura, na arte, na ciencia, na política... Os seus logros valóranse e fanse visibles na mesma medida que os dos homes? Teñen as mesmas posibilidades de acadaren postos relevantes ou existe un teito de cristal? Que opinades da paridade?
 - En 2015, A Segra dedicoulle o Día das Galegas nas Letras a María Victoria. Que finalidade ten esta efeméride? Busca información en: <http://praza.gal/cultura/14390/dez-mulleres-para-as-letras-2018/>.
- María Victoria Moreno viviu boa parte da vida en Pontevedra. Con Google Maps, localiza os lugares relacionados con ela e realiza unha andaina virtual pola Cidade do Lérez para o resto da clase; convértete en guía de turismo para a presentares. Podes usar esta ferramenta:
http://www.gosur.com/map/spain_pontevedra_pontevedra/?category=arts&lang=es#.

CARTEL 4 VOCACIÓN DOCENTE

“María Victoria Moreno entrou na miña clase unha mañá de setembro de finais da década de 1990. [...] E entón, aclarando unha voz inexplicablemente recuperada entre o fume, manifestounos:

-Vouvos dar clase de literatura. E vouvos dicir algo. A literatura non serve para nada, tan só para facernos felices.

Eu, daquela, aínda non sabía o que eran as anagnórisis, pero acabada de presenciar a primeira da miña vida. María Victoria Moreno non era a docente que esperabamos. Achegábase a nós dende a súa xa dilatada viaxe polas aulas de secundaria despois de apuntes que ditar, libros de texto e edicións escolares recomendadas, pero chea de palabras da vida, de preocupacións pola nosa adolescencia e a nosa soidade.”

Carballal, P. (2017). *Praza Pública*, 27 de decembro



“Para min, ser escritora é unha paixón. Se tivese que elixir entre ser escritora ou profesora , quedaría sen dubidalo co segundo.

[...] Eu son moi animal, no mellor sentido da palabra. Ensinar e alimentar son vocacións escritas no animal adulto con respecto ó cachorro da súa especie. Como os animais, eu son moi feliz dándolles de comer e aprendéndolles cousas ós cachorros. Ós nenos hai que darlles sempre o mellor. Por suposto, tamén na literatura.”

Neira Cruz, X. A. (1999), *Fadamorgana*, n.º 3

“Aínda quedan ecos elocuentes das súas palabras maxistras nas aulas do Instituto masculino de Lugo ("hoxe denominado Lucus Augusti"). Alí se estreou como profesora de literatura, alí nos coñecemos e alí a miña familia soubo, desde o primeiro día, da súa bondade, da súa cultura e da súa xenerosidade. Cando se trasladou, profesionalmente, a Pontevedra, xa deixara en Lugo un grupo de alumnos que amaban os libros; algúns, como Xesús Rábade Paredes, incipientes escritores.”

Alonso Montero, X. (2015). *Madrygal*



“A verdade é que isto de ser mestre vén sendo unha profesión tan dura coma a de baixar á mina. Pode chegar a ser desesperante iso de enfrontarse cada día con trinta rapaces, diferentes a cada hora, e coa obriga de facerlles unha función teatral que non convence a quen a fai nin gusta ós que a presencian. Seica é por isto polo que eu lin hai xa tempo que este oficio é un dos que producen máis baixas a causa de depresións, crises de anguria e doenzas mentais semellantes. Grazas a Deus na maioría dos casos non é así e eu tiven a sorte de tratar con infinidade de compañeiros que estaban namorados da aula, dos cachorros e dos saberes que compartían con eles.

E os cachorros, ou sexa, os alumnos saben moi ben con quen están en cada momento e responden, polo xeral, con brillante perspicacia. Aman os profesores que ven felices porque intúen amor nesa felicidade e detestan os que ven tristes porque intúen desamor nesa tristeza. Así a aula pode ser, para todos, un paraíso ou un inferno.

Cando a aula é un inferno o profesor sae sempre malparado e o primeiro que lle cae é un alcume. Nisto dos alcumes, que na súa maioría son degradantes, os cachorros fan gala de capacidade de observación e de, imaxinación. Chegas a un instituto novo, non coñeces aínda ós profesores polos seus nomes, oes un alcume e xa decontado identificas ó seu titular só con velo [...].

Esta mañá fun ó Instituto -o Instituto dos meus amores- non sen esforzo, non sen vencer estas ganas de deixarme morrer, non sen esta timidez que me produce verme como me vexo. Coa miña cara cor de cinza un pouco pintada, coa miña horrorosa perruca e cos meus quilos de máis mal disimulados baixo unha sobreblusa, cumprín o meu horario coa puntualidade de sempre e puxen as miñas clases coa ledicia que recibo dos alumnos, que é moita.

Eu non estou leda, que lle imos facer, mais os cachorros son bos e ante eles síntome útil. Se cadra é unha parvada, mais na aula véxome coma se estivese nun parque, ó aire libre, nun día de sol dando de comer ás pombas na miña man. As pombas son febles e teñen os ollos moi vivos. Parécense moito ós alumnos... As pombas reciben de boa gana as frangullas de pan e os alumnos reciben de boa gana as miñas palabras. Sempre me sentín unha privilexiada por ter este traballo e xamais puiden velo en relación co salario que recibo a fin de mes. Ás veces, de broma, adoito dicir que eu, coma as “famosas”, vou de festa e cobro por ir. Tamén digo que fago o que me presta facer e que a Xunta de Galicia me paga unha xenerosa subvención para que poida comer, xa que non me queda tempo para traballar. E dou grazas á vida.”

Diario da luz e a sombra

ACTIVIDADES

- María Victoria foi escritora, tradutora, profesora, editora, conferenciante, libreira... Cal destas ocupacións era para ela a prioritaria? Como vía ela a súa profesión de docente?
- De que depende, segundo a autora, que a aula sexa un paraíso ou un inferno? Como se sentía ela nas aulas?
- No fragmento anterior de *Diario da luz e a sombra* obsérvase que, daquela, lle resultaba difícil exercer o seu labor docente. A que cres que se podería deber este cambio?
- Con que animais identificaba os seus alumnos e alumnas? Por que?
- María Victoria posuía unha grande empatía cos seus alumnos e alumnas. Era capaz de poñerse na súa pel e mantiña con eles unha relación de respecto e agarimo. Fixo nacer en moitos deles a paixón pola lectura e pola literatura e algúns decidiron dedicarse á escrita e á defensa da lingua grazas a ela. Un deles foi Xesús Rábade Paredes. Investiga para saber onde o coñeceu e que obras escribiron xuntos e que outros persoeiros da nosa cultura pasaron polas súas aulas.
- En *Mar adiante*, María Victoria defende un ensino diferente, libre, baseado no xogo e no afecto, lonxe do lema “A letra con sangue entra”. Como queres ti que sexa o ensino? Debatede na aula sobre o tema.

CARTEL 5 SOMBRA E LUZ



“En tempos de censura, tales cursos de galego, tolerados pero non remunerados, causáronlle non poucas complicacións, como a apertura dunha ficha policial, a retirada do pasaporte e un rexistro domiciliario, ademais de calumnias e aldraxes.”

Soto, I. e Senín, X. (2018). *Cadernos Ramón Piñeiro XXXVIII*

“A librería axiña se encheu de libros prohibidos na traseira; luciu rechamantes escaparates, sobre todo o do Día das Letras Galegas; convocou un premio en galego e mais un parladoiro que frecuentaban intelectuais de esquerdas [...] Mais, co paso do tempo, o negocio acabou sendo máis unha obra social ca unha actividade empresarial produtiva.”

Soto, I. e Senín, X. (2018). *María Victoria Moreno. Sementadora de futuro*

“Non hai dúbida de que, alá onde esteas, talvez a bordo do Arroás, segues teimando en que a rapazada, as mestras e mestres, e mesmo outras persoas que non tiveron oportunidade de aprenderen a nosa lingua, compartan o teu entusiasmo por ela. Por iso, a comezos dos anos 70, cando aínda vivía o ditador e o galego estaba prohibido, dabas cursos desa lingua. Cursos organizados por asociacións como Amigos da Cultura de Pontevedra ou o Ateneo de Ourense, que eran consideradas subversivas. Serían, pois querían mudar o réxime.”

Aleixandre, M., en <https://academia.gal>

ACTIVIDADES

- María Victoria Moreno deu cursos de galego organizados pola Sociedade Amigos da Cultura en Pontevedra e Vilagarcía e polo Ateneo de Ourense (este, dirixido por Manuel Peña-Rey, de coñecida militancia comunista, era considerado un niño de subversión). Investiga nos carteis para saber o que lle ocorreu á autora por este motivo.
- Reflexiona sobre as razóns de que na etapa da posguerra o alumnado tivese interese en aprender unha lingua que estaba marxinalizada e sobre a actitude cara a esta lingua da profesora María Victoria Moreno.
- Que postura adopta o alumnado de hoxe con respecto á lingua?
- María Victoria abriu con oito socias e socios a librería Xuntanza, onde se podían mercar libros prohibidos pola censura e editados no exterior. Busca en Internet algunhas das obras que se poderían atopar nunha librería como esta. Que outras reunións se realizaban nela?
- Reconstrúe o ambiente da censura no último período do franquismo.
- María Victoria loitou pola inclusión das persoas con diversidade. Co seu marido, José Luis Llácer, impulsou en 1985 o Concurso de Contos en Lingua Galega para conmemorar o Día das Letras Galegas no Colexio Santiago Apóstolo da ONCE en Pontevedra. Os volumes que recollían os relatos premiados distribuíanse por toda a comunidade. Investiga para saber cantas edicións tivo este certame.
- Elixe un fragmento de *Anagnórise* e fai un audio para que poida achegarse a ela o alumnado con cegueira ou un vídeo en lingua de signos galega para persoas con diversidade auditiva.

“A Colección Árbore foi unha ilusionante obra común para facer literatura, lectoras e lectores e, xa que logo, medrar e promover lecturas. Un referente ilusionante. [...] Alí estabamos no proxecto facendo corpo e sustancia: María Victoria, Antonio Teijeiro, David Otero, coordinados por Carlos Casares e como fío comunicativo e administrativo entre nós estaba tamén Pilar Sampil.”

Otero, D. (2018). *Cadernos Ramón Piñeiro XXXVIII*

ACTIVIDADES

- Xa na democracia, María Victoria seguiu traballando a prol da lingua e da cultura galega: codirixiu a Colección Árbore da Editorial Galaxia, de 1988 a 1998, que tiña o obxectivo de lle dar ao público infantil e xuvenil unha maior oferta de libros en galego (de literatura galega e mais de traducións). Tamén foi unha das fundadoras de GALIX, a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil.
- Entra en <http://editorialgalaxia.gal/> e procura información sobre ela. cando se fundou e que finalidade tiña? Quen a fundou? Onde está a súa sede? Cando xorde a Colección Árbore?
Busca en <http://www.galix.org/> información sobre GALIX. Cales son os seus obxectivos?
- Tamén participou en varias campañas de lectura. O seu relato “Querida avoa” publicouse no volume *Leria*, dentro da Campaña de Animación á Lectura da Xunta de Galicia de 1991 e, un ano despois, formou parte da colección Contos do Castromil. Investiga para saber en que consistía a iniciativa da empresa de transporte público.

CARTEL 6 FAMILIA, AMIZADES

A Sara, percebeira na illa de Ons

Hoxe quixera, irmá de pel curtida,
instalarme no adentro dos teus ollos
e atesourar en min eses abrollos
que te fixeron forte e destemida.

Hoxe quixera estar na rocha ardida,
collida da túa man, fronte ós abrollos
que puxeron ó mundo de xeonllos
ante Galicia ergueita, anque ferida.

Sara de dignidade, percebeira
que pariches os fillos e os criaches
coas escumas do mar que te azoutaba.

Galicia chora hoxe, compañeira,
mais ti non vas chorar, porque gañaches
ese amencer que outrora se albiscaba.

Elexías de luz

“[...] Onte á noite leváronme os Titos a cear e volví para a casa ás tantas, con moito viño dentro do corpo e moita luz dentro do corazón. Non sei que podería facer eu por esta xente que sempre está aí, que me coida, que me escoita, que me fai sentir a súa compañía tanto se están presentes coma se andan nas súas angueiras e eu nas miñas, cada un polo seu lado.”

Diario da luz e a sombra



“Hoxe, á volta do Instituto, atopei na caixa do correo outra carta de Cuba que me trouxo moita ledicia. É de Pedro Ferriol, de quen ía ser... Xa coñece de min todo o que debe coñecer, ou sexa, a pupa cabrona, o tratamento que sigo, o meu propósito de solicitar unha xubilación adiantada.”

Diario da luz e a sombra

ACTIVIDADES

- Que tema lle poñerías ao poema anterior? Resume o contido. En que partes se podería dividir?
 - Que composición poética emprega María Victoria? Que recursos estilísticos destacarías no texto?
 - No cartel 6 menciónase a empatía vital de María Victoria Moreno. Como poderías relacionar esa actitude existencial co poema anterior?
 - Poderías dar exemplos desa actitude de empatía na vida de María Victoria? A familia que formou, non moi convencional para a época, pode ter relación con esa actitude vital?
 - Que importancia tivo Pedro Ferriol na vida e na obra de María Victoria?
-
- Como podes ver no cartel 6, para María Victoria era difícil conciliar a vida familiar e o labor docente e creador. Escribía pola noite, na cociña, roubándolle horas ao sono. A súa situación non difería da da maioría das mulleres do seu tempo. Cres que na actualidade é máis doado conciliar traballo, familia e lecer? Debatede na aula sobre o tema.
-
- En Pontevedra, María Victoria trataba moito os Titos, os propietarios da librería Seijas; e, entre as súas amizades, estivo sempre Xesús Alonso Montero e a súa familia. Este asistía a miúdo aos faladoiros que organizaba nunha librería de Pontevedra. Adiviña cal era.

CARTEL 7 POETA E NARRADORA

“O *Arroás* foi certamente unha escola diferente porque os rapaces aprenderon moitas cousas nos días que botaron nela. Mais adeprendéronas falando co capitán, xogando cos mariñeiros, ollando para as estrelas ou mesmo facendo trasnadas cando os maiores non os víamos.”

Mar adiante



“Saúdan ó día as gaivotas e o mar ergue a súa arela sen nome en cumes de escuma branca. Un gris de ceo baixo latexa na auga. Desperta o vento na xerfa e vai zunindo a cántiga secreta do seu errar. A baliza do peirao, si e non de luz e pausa, acena xa debilmente, atenuada polo día que quere abrir.


-As persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos.

A voz dela, tan lonxe xa e tan preto sempre, ecoa nos meus oídos e mantense viva ata tal punto que podo pecha-los ollos e confundir este balbordo do mar co zoar do seu coche. As terras do interior, os horizontes amplos de trigais e ceos distantes, ábreanse de novo na lembranza e reconstrúo, paso a paso, o tempo do noso encontro, do noso enfrontamento, da nosa amizade e da nosa despedida.

Está moi baixa a marea e a praia é ampla coma a saudade.

-Vivimos encadeados ó acontecer do universo.”

Anagnórise



“-Xa se sabe, xa se sabe... As mulleres -apón ela incomodada- son persoas coma as demais.

-Pero para conducir...

-Para conducir e para todo.

-Pois todo o mundo di que conducen con máis seguridade os homes.

-Non che vou negar que a maior parte dos homes teñan máis experiencia, pero iso non ten nada que ver e débese a que as mulleres son vítimas dunha marxinação inxusta que as afasta de moitas actividades.

-¿Refírese ós traballos da casa?

-Refírome, logo.

-¿E quen ía facelos se non os fixesen as mulleres?

-Os homes, poño por caso, que tamén teñen mans.

-¿E por que os ían facer-los homes? Vaia solución.

-Pois porque as mulleres andarían en traballos máis cualificados nas profesións liberais, na dirección das empresas, nas actividades artísticas, nas viaxes longas, nos proxectos...”

Anagnórise

ACTIVIDADES

- ➔ *Mar Adiante* foi a primeira obra que publicou a autora. Nela reflicte un modelo de ensino diferente. Que características tiña?
- ➔ *Anagnórise* é a novela máis coñecida de María Victoria. Foi recoñecida en 1990 na Lista de Honra do IBBY. Le o primeiro fragmento desta obra Quen era esa muller da que fala o protagonista e por que deixou unha fonda pegada nel?
- ➔ Fai unha reflexión sobre o significado que pode ter a afirmación “vivimos encadeados ao acontecer do universo”.
- ➔ As personaxes femininas teñen moita relevancia na obra de María Victoria Moreno. Cita algunhas obras que o demostren.

“Na nosa terra fixo poetas e fíxose ela mesma poeta; na nosa terra aprendeu, co agarimo afervoadado que ela pon en todas as cousas, este idioma noso aqueloutrado. [...] Se eu non coñecese á autora dende as súas primeiras inquedanzas galegas, diría que María Victoria Moreno é o pseudónimo prosaico dunha fada chovida do ceo que de vez en cando ten o acordo de escribir para regalo de nenos -e de grandes- do noso país.

[...] para compor estes contos infantís, María Victoria botou man de personaxes moi coñecidos neste xénero de historias: nenos, vermes, mariñeiros, estrelas, gaivotas, ventos, lobos, peixes, etc.”

Alonso Montero, X., prólogo de *Mar adiante*



“Pasaban os anos, Pipé engordaba, Irene non asisaba e Vanessa medraba. Era bonita e esvelta, quitaba boas notas no instituto e non entendía por que seus pais non eran coma os dos outros rapaces. ¿Por que, por exemplo, non madrugaban nunca? Por aproveitarse da cama non era, que cada un durmía na súa habitación e ambos levantábanse a cotío cabreados e botaban días e días sen se dirixiren a palabra. A ela tampouco non lle falaban, nin a escoitaban, nin lle preguntaban como lle ía nas clases. Vanessa estaba triste, cada día máis triste, e sentíase tan allea a aquela casa e a aqueles dous seres escuros e irritados que en máis dunha ocasión asinou ela mesma no boletín das notas, na seguridade de que a ninguén lle importaba nin o seu traballo nin o seu éxito nos estudos. Porque tamén tiña narices, oh, que outros rapaces levaban uns aprobadiños de merda e xa os pais felices, a fardar por aí dos fillos listos, a facerlles regalos, a dicir meu rei, miña prenda, ti non recólla-la mesa, ti non fága-la cama, que xa a fai mamá para que ti estudies.

- Mira – dicía a nena con ilusión-, todos sobresalientes menos un...”

Guedellas de seda e liño

“-Ti es parva... ¿Sabes onde te vas meter? ¿Sabes que a drogadicción é tanto ou máis contaxiosa cá gripe? Líaste con ese e ao pouco xa andas ti nas mesmas, roubando na casa e nos garaxes para os picos, ameazada de morte se te demoras en pagar, tirada na rúa e con sida. ¿Gústache o panorama?”

[...]

“-Déixame volver á casa, Roi. Se o choio que tes que arranxar aí é máis importante ca min, déixame volver... Estou cansa, máncanme os zapatos, teño moito medo...”

- Lilaina de merda - cuspiulle el-, es coma todas... Vaite, vaite e pasa de min de hoxe en diante.”

Guedellas de seda e liño

ACTIVIDADES

- Como se sente Vanessa no segundo fragmento de *Guedellas de seda e liño* e por que?
- María Victoria foi unha pioneira da literatura infantil e xuvenil galega. Tamén foi das primeiras en introducir nenas e mulleres como protagonistas dos seus contos e escribiu unha das primeiras novelas xuvenís realistas en lingua galega (*Leonardo e os fontaneiros*).

Foi unha adiantada ao seu tempo: escribiu en galego para a rapazada cando poucos o facían; introduciu temáticas innovadoras na súa obra (o maltrato físico e psicolóxico, o feminismo, a drogadicción, os problemas da mocidade, os conflitos de familia, as relacións interxeracionais, a vellez, o racismo, a inclusión...); e, malia ser de fóra, deu clases de galego cando non estaba permitido. Nunha entrevista, afirmou: “Sempre me adiantei, e pagueino”. Que cres que quería dicir?
- Ves algún tema innovador nos fragmentos anteriores?
- Elixo un fragmento breve dunha obra de María Victoria onde se amose este carácter innovador e leo. Grávate e publica o audio na rede para difundir a súa obra. Velaquí tes un exemplo.

<http://www.crtvg.es/rg/destacados/chamando-a-terra-chamando-a-terra-do-dia-16-09-2017-3310407>

Eu quixera esculpir en luz e aire
non o corpo do amado,
non a imaxe que gardan os meus ollos,
mais a traza do paso
luminoso que encherá a miña alma
de flores, soño e pranto.

Elexías de luz



ACTIVIDADES

- María Victoria escribiu libros de poemas infantís de carácter narrativo para lles levar a poesía aos nenos e nenas, mais tamén escribiu para outras idades en *Elexías de luz*. Elixo unha poesía dela e crea un videopoema.
- Escollede un poema ou un conto rimado de María Victoria Moreno e creade unha canción. Pode ser con calquera ritmo: rap, rock, folk, música tradicional...



Asocia cada sinopse co título correspondente:

- | | | | |
|-------------------------------------|------------------------------------|--------------------------------------|------------------------|
| 1. <i>Onde o aire non era brisa</i> | 2. “Pan con chocolate” | 3. <i>Mar adiante</i> | 4. <i>Querida avoa</i> |
| 5. <i>Guedellas de seda e liño</i> | 6. <i>Diario da luz e a sombra</i> | 7. <i>Anagnórise</i> | |
| 8. <i>A festa no faiado</i> | 9. <i>O cataventos</i> | 10. <i>Leonardo e os fontaneiros</i> | |

<p>Distinguido co 1.º Premio O Facho, este conto narra a historia dun galo tirano e mandón que non deixa que as galiñas vivan en liberdade; nela subxace unha crítica ao ditador.</p>	<p>É unha das primeiras novelas realistas da literatura infantil galega. O protagonista é un can sen dono que se converte en amigo e confidente de Antón, un rapaz moi dado a facer falcatruadas cos compañeiros da escola.</p>
<p>É a historia dunha mestra que pon escola nun barco. Esta obra converteu a autora nunha das pioneiras da literatura infantil galega. Nela defende un ensino libre, baseado no xogo e no agarimo. Un dos relatos, “Crarisca e o Luceiro”, recibiu o 2.º Premio O Facho.</p>	<p>Explora os conflitos de identidade na adolescencia, a través de dúas rapazas que pertencen a ambientes moi distintos. As inquedanzas sociais da autora exprésanse no contraste entre o pazo, onde vive Rato Chus, e a marxinación de Vanessa e dos xitanos do arrabalde, “acusados xa pola cor da súa pel”.</p>
<p>É unha crónica da dura vida das mestras nunha vila imaxinaria de Castela, nos anos 60. A mestra fornece leite da axuda americana e acalma a sede de coñecemento do alumnado, mentres o alcalde e as forzas vivas da vila acaparan o leite en po.</p>	<p>É a historia dun adolescente que fai autostop para fuxir da casa e da súa vida anterior. Na viaxe, a muller que o leva no coche fáino reflexionar sobre a súa identidade, o que fixo na súa vida e o que quere facer, xa que “as persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos”.</p>
<p>Fai unha análise da doenza, dos seus efectos, de como muda a vida da persoa enferma, física e socialmente... E fáino co humor e a ironía que sempre tivo na súa carreira e na súa vida.</p>	<p>A protagonista é Uxía, unha boneca abandonada desde que a súa dona medrou. Faise amiga dun gato e argalla un plan cos pardais para procurarlle comida, un acto de solidariedade que contrasta co mundo dos seres humanos.</p>
<p>Plasma o mundo dunha adolescente inadaptada e dunha avoa comprensiva e afectuosa. Publicouse en 1991 no volume <i>Leria</i>, da Campaña de Animación e Lectura da Xunta de Galicia, e ao ano seguinte foi un dos libros da colección Contos do Castromil.</p>	<p>Un relato moi innovador por reflectir un amor adolescente entre un rapaz xitano e unha rapariga paia, que amosa a capacidade da autora de se poñer do lado das persoas desfavorecidas.</p>


Procura, coa axuda das pistas, partes de once títulos da autora na seguinte sopa de letras:

U B L I C A M S U G N	1. Onde fixo a festa?
T C V N A P A G I U R	2. Acto de recoñecer ou recoñecerse.
A N A G N O R I S E O	3. Para a sobremesa, un cachiño de...
M A B L T X A T F D I	4. Nome de muller.
E T R T A S D A R E R	5. A onde vas cando navegas?
T A I N S B I C S L A	6. Eran de seda e liño.
E L S F A I A D O L I	7. Eu conto, ti...
R I A Z U C N F T A D	8. Leonardo é un dos...
B A B L R A T O R S C	9. Case non nos deixa ver.
F O N T A N E I R O S	10. Ten luces e sombras.

CARTEL 8 DIARIOS, ENSAIOS E TRADUCIÓNS

“Un bolígrafo, unha folla de papel en branco e uns minutos de soidade son máis que suficiente para descubrimos a nós mesmos e para ordenar desde dentro este mundo que tantas veces nos parece incompreensible... abonda con observar o mundo que nos rodea, con observarnos a nós mesmos e con responder sinceramente ás mensaxes do entorno e ás nosas voces interiores. E poden saír cousas tan bonitas...”

Diario da luz e a sombra



“O outono é longo e doce en Pontevedra... Cando pasan as Peregrinas comezan a toldarse os ceos, a refrescar moito as tardes, a demorarse os amencerese... Mais non digades que é triste o outono, non digades que é feo. O outono, polo menos en Galicia, é apraciblemente saudoso. Lonxe xa da primavera, que ten alas de bolboreta, e do verán, que cheira a suor e a fritada de baiuca, o outono trae músicas de alén mar e fragancias de terra madura. A min invítame a voar por esas terras misteriosas de onde veñen os furacáns e, á vez, invítame a estar na casa, entre os meus tesouros familiares e humildes: as tarteiras, a roupa perfumada dos armarios, os libros que agardan en silencio.

Tamén me invita a percorrer as estancias interiores onde residen os soños e os medos, ou sexa, os recunchos da miña alma. E deambulo por estas estancias como o fago pola casa, devagar, percibindo voces, fragancias e visións doutros tempos e deste presente que nin desexei, nin busquei nin puiden imaxinar. ¿Que fixen eu para adiantar deste xeito o meu outono persoal ? ¿Por que me escolleu a min o cancro traizoeiro? ¿Por que non se presentou cando eu era romántica e pensaba no suicidio coma porta de

entrada á inmortalidade dos poetas namorados? ¿Por que vén agora, cando son unha muller sensata, disposta a traballar e a gozar de toda a beleza que ofrece a idade madura?

Así como os vexetais celebran en outono a festa do seu vivir erguendo desde as raíces mazarocas, acios e ourizos gorentosos, así tamén dispoñíame eu a celebrar a miña madurez ofrecendo desde as miñas raíces os mellores froitos: as mellores clases, a mellor amizade e os mellores libros. E chega esta malura de merda... Teño ganas de chorar e gustaríame que alguén se conmovese co meu pranto, mesquiño froito do meu outono. ¿Non me chega con chorar a soas para desafogar esta chea de bágoas que vai facer estourar a miña alma?

Son unha egocéntrica. Querería que o mundo enteiro mirase para min e que se conmovese ante o meu outono persoal coma eu me conmovo ante o castiñeiro cheo de ourizos, a árbore fermosa e forte que hoxe loce os seus froitos e mañá estará espida, sobre a terra húmida, ofrecendo as súas pólas ó corisco.

Cando eu estea espida estarei tamén soa. ¿Escribo por iso este diario? Hei confesar que si... Ou sexa, confeso que se me fai curto o tempo que previsiblemente me queda. Confeso que fago o que podoo por sobrevivir despois da morte. Confeso que preciso compañía e que a precisarei tamén despois do pasamento.

Cando alguén lea isto... Ai, na letra impresa non haberá trazas das miñas bágoas!”

Diario da luz e a sombra

ACTIVIDADES

- María Victoria reflectiu en *Diario da luz e a sombra* as súas reflexións de cando estaba enferma de cancro. Como describe o outono nesta obra? E o outono da súa vida?
- A versión actual dun diario é unha bitácora ou un blog. Crea un, en caso de que non o teñas xa. Logo, escribe unha entrada para el.



9 “Nace deste xeito a idea de que hai unha lingua de primeira categoría, o Castelán, e outra de segunda, a lingua nativa de cada comunidade. Esta idea é falsa, porque tódalas linguas son iguais no seu rango, e proba disto son as brillantes traxectorias literarias que tiveron na antigüidade algunhas das linguas que despois foron marxinas. Mais abonda con que a colectividade dea creto a unha idea falsa para que se produzan os mesmos efectos que se fose verdadeira. É dicir, se un grupo humano coida que falar unha lingua é síntoma de ignorancia, de pobreza ou de calquera outra cousa semellante, deixa de falala sen máis.”

As linguas de España

ACTIVIDADES

- Le o fragmento de *As linguas de España* e debatede na aula sobre a situación sociolingüística do galego.
- En 1980 aprobouse o Estatuto de autonomía de Galicia. Nel afirmase que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento”.
- En 1983, apróbbase a Lei de normalización lingüística; nela indícase que “o galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos”.

- María Victoria, consciente da escaseza de materiais para o ensino en galego, publicou con outros estudosos dous libros de texto para o ensino. Le o cartel 8 e indica cales eran e con quen os escribiu.
- Tamén as traducións que realizou obedecían á necesidade de fornecer lecturas para a aula. Adiviña o nome dunha que se convertería en libro de lectura de varias xeracións de adolescentes.

CARTEL 9 CANS, COMA NÓS, FÓRA A ALMA



Un can chamado Morito



DESCUBRIRON

Por unha casualidade
Correcamiños e Nico
foron xuntarse un bo día
nun arrabalde perdido.

A causa foi que ventaron
un cheiro descoñecido
que lles alledaba a alma

porque era doce e bonito.

Por sendas moi diferentes,
dende diferentes sitios,
foron seguindo esa traza
os dous curiosos canciños
ata que á fin atoparon
un suceso nunca visto.

Unha cadela moi feita,
de pel castaña e bo tipo,
custodiada por cen cans
ía facendo o camiño
que vai desde a vila grande
ata a beiriña do río.

Por ver que causa buscaban
aqueles cans destemidos
xuntáronse á comitiva
Correcamiños e Nico.

Eles non buscaban nada
e camiñaban tranquilos,
mais os outros da gavela
amasaban os caíños
e de cando en vez botaban
os máis terribles gruñidos.

Axiña se decataron
os dous inxenuos amigos
de que a cadela quería
buscar un mozo e ter fillos
que fosen guapos e fortes,
graciosos, doces e listos.

Por iso os cans que a seguían
se mostraban tan ardidos,
porque eran cen e soamente
un deles sería elixido.

Eu conto, ti cantas...

Abre os seus ollíños Alma,
busca o pardal e a tristeza
anega todo o seu corpo,
desde o rabo ata as orellas:
¿onde vai o amigo ledo
que durmira cabo dela?

¿E habrá tirón de orellas?

Nica era unha cadela
e Iván un neno
que andaban sempre xuntos
e sempre ledos.
Os dous falaban
coa chispa dos seus ollos
e sen palabras.
-¿Un cachiño de bica?
¿Queres probala?

Un cachiño de bica

ACTIVIDADES

- Estes son fragmentos de tres dos contos rimados de María Victoria. Resume o contido do segundo. Quen son Correcamiños e Nico? E Nica e Alma? A quen lles dedica os libros correspondentes a estes textos?
- Unha das características da obra de María Victoria é a presenza de animais, sobre todo cans e cadelas (a defensa dos animais e o amor por eles formou parte da súa vida e da súa obra). Cita outros libros da autora onde sexan os protagonistas.
- Escribe catro versos máis.

“Díxolle miña señora dona María:

– Convén que esteas informado do que pasa no mundo.

Recomendoulle meu señor don Pedro:

– Mais non deas creto a todo o que leas.

E Morito desenganchouse dos libros e empregouse sen moito entusiasmo nos xornais. O papel era papel e, máis ou menos, deixábase comer. Pero as letras eran cousa mala; picaban na barriga coma se fosen carrachos, producían vómitos, ás veces dábanlle desmaios...”

Un can chamado Morito



ACTIVIDADES

- María Victoria tamén foi ilustradora. Realizou as ilustracións interiores de *Mar adiante*, a primeira obra que publicou, en 1973. Nela aparece o relato “Crarisca e o Luceiro”, polo que recibira un ano antes o 2.º Premio da Asociación Cultural O Facho.
- Elixide un relato de María Victoria Moreno e, entre todos, ilustrádeo ou create unha banda deseñada a partir del, como fixo o alumnado do IES Gonzalo Torrente Ballester cun conto inédito de María Victoria Moreno.

“-Os vagalumes -díxolles- son uns vermes moi xeitosiños que dormen o día e, na noite brillan nos camiños coma as estrelas no ceo. Os vagalumes coidan que son moi importantes, que son moi fermosos, que o saben todo... E non se decatan de que ninguén é máis importante, nin máis fermoso, nin máis sabio cós demais. Os pobriños -tan

pequenos, tan febles- non saben que o ceo, durante o día, é azul. Non saben que a espuma do mar é máis brillante ca eles. Non saben que existen flores vermellas, brancas, marelas... Non saben nada e máis son moi fachendosos. Pobrinhos...”

Mar adiante

ACTIVIDADES

- Nas súas obras, María Victoria ás veces dáballes a volta aos contos tradicionais. En *Mar adiante*, os rapaces contan relatos, entre eles, o dun lobo agarimoso. Que opinión existe do lobo na tradición oral galega? Cres que esta opinión de María Victoria pode ter que ver coa súa forte conciencia ecolóxica? Veslle semellanzas con algún dos animais de *O principião*, unha das súas obras favoritas?
- Outras veces trataba de explicar a orixe de fenómenos e elementos naturais, na liña dalgunhas lendas orais; por exemplo un luceiro, no conto “Crarisca e o Luceiro” (incluído en *Mar adiante*) ou a néboa en *A brétema*.



“Eu chameite sempre Leonardo e sempre soubeches responder polo teu nome. Respondías con ledicia e aledábasme a min ó responderes. Por iso agora, ó lembrarme de ti, lémbrome tamén dese nome que che puxen, que a todos lles pareceu tan feo e que a nó-los dous nos pareceu tan xeitoso e souril. E mira o que son as cousas, agora ándoches coa teima de se chegaches ti a sabe-lo meu nome. Non cho oín dicir, que os cans tendes outras maneiras de comunicarvos coas amizades, pero eu quería saber se ó escoitalo pensabas en min.

Isto non é ningunha parvada e voucho explicar doutra maneira para que me entendas. Se eu vou pola rúa embebecido nas miñas cousas e alguén chama por un tal Carlos ou un tal Quique, poñamos por caso, eu viro a cabeza porque supoño que o Carlos ou o Quique que eu coñezo andan por aí. Pois disto se trata. ¿Chegaches ti a saber que eu me chamaba Antón, Tono ou A. A.? Quero dicir se ó escoitares estes nomes mirabas para quen os dicía coma querendo atoparme a min.

Non sabes ben canto me pagaría eu disto, porque a verdade é que nestes últimos tempos máis me valería non ter nome, que total para o que me serve...

-Antón Andrade Asorei -dinme na escola- estou de ti ata os ollos. Se non calas, voute expulsar e non aprobas nin en xuño nin en setembro.”

Leonardo e os fontaneiros


ACTIVIDADES

- Quen é Leonardo? Como describirías a Antón?
- *Leonardo e os fontaneiros* é considerada unha das primeiras novelas xuvenís realistas. Á maneira da *Rayuela*, de Cortázar, admite unha lectura tradicional ou saltar de xeito máis libre dun capítulo a outro. Nela amósanse os problemas da adolescencia.
- Moitas das obras que María Victoria Moreno escribiu para un público infantil teñen animais como protagonistas: un lobo, un vagalume, unha rula, cans, cadelas... Elixide un relato de María Victoria Moreno e prepara unha representación teatral ou unha sesión de contos para o alumnado dun centro da contorna.

CARTEL 10 UN ÚLTIMO AGASALLO

“(A lectura) abre as portas a mundos descoñecidos, descobre ideas novas, dá temas para a conversa e mesmo esperta o noso sentido crítico ante opinións coas que estamos en desacordo...”

Diario da luz e a sombra



“Ata o encontro na Universidade cos meus grandes profesores (Rafael Lapesa, Dámaso Alonso...) eu non descubrín o gusto pola literatura. A literatura estivera prohibida para min. Eu non lera El Quijote por ser muller. Non mo permitiran. Seica me podía pervertir... No tempo en que meus irmáns podían lelo, a min dedicáronme a aprender a bordar e a zurcir. O exercicio da lectura nunca se practicara en liberdade na miña casa. Por exemplo, Pérez Galdós era ímprobo e impío, Clarín... ¡Deus santo! Clarín era Clarín. A Unamuno, tampouco; non sei que cura dixera “Unamuno con la gracia resistida”[...]. Na miña casa tiñamos biblioteca, pero non era para min.”

Neira Cruz, X. A. (1999), *Fadamorgana*, n.º 3

ACTIVIDADES

- No seu testamento, María Victoria Moreno decidiu doarlle a súa biblioteca persoal ao IES Gonzalo Torrente Ballester, onde dera clases boa parte da súa vida laboral. Este acto é unha mostra máis da xenerosidade, solidariedade e altruísmo que caracterizaron toda a súa vida, e tamén da súa paixón pola lectura e pola docencia.
- Que libros se poden atopar nesta biblioteca?
- No texto anterior, podes comprobar que, na súa infancia, María Victoria tiña lecturas prohibidas e recibiu unha educación diferente á dos irmáns. Cres que hoxe en día ocorre o mesmo? Debate sobre o tema na aula.
- Investiga para saber en que momento naceu en María Victoria Moreno a paixón pola lectura e cales foron as súas obras favoritas.
- Moitas das súas actividades serviron para fomentar a lectura, especialmente entre a xente nova. Escribiu e traduciu unha chea de obras; abriu a librería Xuntanza que, na práctica, funcionaba como unha biblioteca; codirixiu a Colección Árbore da Editorial Galaxia; colaborou en campañas de animación á lectura; creou concursos; doou a súa biblioteca... Todas elas estaban tamén moi relacionadas coa importancia que para ela tiña a docencia.
- Por que non fomentas a lectura ti tamén? Elixo unha obra de María Victoria Moreno, fai un *booktrailer* ou un *booktuber* dela e publícao na Rede.

ACTIVIDADES

- Accede a <http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=60> e asocia os premios que obtivo María Victoria coas obras polas que recibiu cada galardón e cando llos deron.

Premio ou recoñecemento	Obra ou relato e ano
Incluída na Listaxe de Honra do IBBY	
1.º Premio nos Jogos Florais Minho-Galaicos de Guimarães	
2.º Premio da Asociación Cultural O Facho	
Finalista do Premio Café Gijón	
X Premio de Novela Corta Manuel Díaz Luis de Monleón	
1.º Premio da Asociación Cultural O Facho	
3.º Premio O Barco de Vapor	
Recoñecida na Listaxe Withe Ravens	

- Que é o IBBY? Busca información en <https://www.oepli.org/gl/ibby>. E o Facho?

CUESTIONARIO DA EXPOSICIÓN

1 Cando e onde naceu María Victoria Moreno?

Cartel Resposta

2 Cal foi a razón pola que cambiou a súa data de nacemento?

Cartel Resposta

3 En que cidade estudou o bacharelato?

Cartel Resposta

4 Que linguas coñecía María Victoria Moreno?

Cartel Resposta

5 En que cidade de Galicia pasou a maior parte da súa vida?

Cartel Resposta

6 Como define a escritora a súa relación coa lingua galega?

Cartel Resposta

7 En que ano comeza María Victoria a traballar como profesora e que outro acontecemento se produce nese mesmo ano?

Cartel Resposta

8 Que idea tiña María Victoria do traballo como docente?

Cartel Resposta

9 Cal era o nome da librería que, xunto cun grupo de amigos, abriu en Pontevedra e en que ano?

Cartel Resposta

10 Por que razón a policía franquista lle retirou o pasaporte a María Victoria?

Cartel	Resposta
11	Por que arelaba María Victoria horas de lecer?
Cartel	Resposta
12	Que tipo de reunións organizaba a escritora na súa casa de Pontevedra?
Cartel	Resposta
13	De todas as que escribira, cal é a obra preferida de María Victoria?
Cartel	Resposta
14	Como se titula o seu libro de poemas aparecido de forma póstuma?
Cartel	Resposta
15	Como se titula o libro onde a escritora relata a experiencia coa enfermidade?
Cartel	Resposta
16	Traduciu María Victoria algún libro do catalán ao galego?
Cartel	Resposta
17	Quen é Leonardo, o personaxe que lle dá título á novela <i>Leonardo e os fontaneiros</i> ?
Cartel	Resposta
18	Como se chamaba a cadela de María Victoria, da que fala en <i>Diario da luz e a sombra</i> ?
Cartel	Resposta
19	Cal quixo María Victoria Moreno que fose o destino da súa biblioteca despois do seu falecemento?
Cartel	Resposta
20	Serías capaz de identificar algún autor ou autora dalgunha das dedicatorias que aparecen no cartel?
Cartel	Resposta

SOLUCIÓNS AO CUESTIONARIO DA EXPOSICIÓN

1	Cando e onde naceu María Victoria Moreno?
Cartel 1	Resposta En Estremadura, na vila de Valencia de Alcántara.
2	Cal foi a razón pola que cambiou a súa data de nacemento?
Cartel 1	Resposta Para facer coincidir a súa idade coa das coas rapazas máis novas ca ela (non puidera matricularse antes por motivos económicos).
3	En que cidade estudou o bacharelato?
Cartel 2	Resposta En Barcelona.
4	Que linguas coñecía María Victoria Moreno?
Cartel 2	Resposta Castelán, portugués, catalán, latín, galego, árabe, francés, éuscaro, italiano, un pouco de ruso e de romanés e, ademais, o sistema Braille.
5	En que cidade de Galicia pasou a maior parte da súa vida?
Cartel 2	Resposta En Pontevedra.

6	Como define a escritora a súa relación coa lingua galega?		
Cartel 3	Resposta	Como unha historia de amor.	
7	En que ano comeza María Victoria a traballar como profesora e que outro acontecemento se produce nese mesmo ano?		
Carteis 3 e 4	Resposta	En 1963. Coincide coa primeira celebración do Día das Letras Galegas, que se lle dedicou a Rosalía.	
8	Que idea tiña María Victoria do traballo como docente?		
Cartel 4	Resposta	Sorprendíase de cobrar por un traballo que lle producía tanta ledicia.	
9	Cal era o nome da librería que, xunto cun grupo de amigos, abriu en Pontevedra e en que ano?		
Cartel 5	Resposta	Xuntanza. Abrírona no ano 1973.	
10	Por que razón a policía franquista lle retirou o pasaporte a María Victoria?		
Cartel 5	Resposta	Por impartir cursos de galego en Pontevedra de maneira semiclandestina.	
11	Por que arelaba María Victoria horas de lecer?		
Cartel 6	Resposta	Porque entre tarteiras, lavadoras, ferro de pasar e ir ao supermercado non as tiña.	
12	Que tipo de reunións organizaba a escritora na súa casa de Pontevedra?		
Cartel 6	Resposta	Moi animadas, con amigos e compañeiros de traballo, e amenizadas pola arte musical do seu marido.	
13	De todas as que escribira, cal é a obra preferida de María Victoria?		
Cartel 7	Resposta	<i>Leonardo e os fontaneiros.</i>	
14	Como se titula o seu libro de poemas aparecido de forma póstuma?		
Cartel 7	Resposta	<i>Elexías de luz.</i>	
15	Como se titula o libro onde a escritora relata a experiencia coa enfermidade?		
Cartel 8	Resposta	<i>Diario da luz e a sombra.</i>	
16	Traduciu María Victoria algún libro do catalán ao galego?		
Cartel 8	Resposta	<i>Mecanoscrito da segunda orixe.</i>	
17	Quen é Leonardo, o personaxe que lle dá título á novela <i>Leonardo e os fontaneiros</i> ?		
Cartel 9	Resposta	Un can abandonado que colle amizade con Tono, un rapaz rebuldeiro.	
18	Como se chamaba a cadela de María Victoria, da que fala en <i>Diario da luz e a sombra</i> ?		
Cartel 9	Resposta	Alma.	
19	Cal quixo María Victoria Moreno que fose o destino da súa biblioteca despois do seu falecemento?		
Cartel 10	Resposta	O IES Gonzalo Torrente Ballester.	
20	Serías capaz de identificar o autor ou a autora dalgunha das dedicatorias que aparecen no cartel?		
Cartel 10	Resposta	Ánxel Fole, Fina Casalderrey, Neira Vilas, Darío Xohán Cabana e Xesús Alonso Montero.	

BIBLIOGRAFÍA

- Obra da autora

- Moreno, M. V. (1973). *Os novísimos da poesía galega/ Los novísimos de la poesía gallega*. Madrid: Akal.
- Moreno, M. V. e Rábade Paredes, X. (1985). *Literatura. Século XX. Iniciación universitaria*. Vigo: Galaxia / SM.
- Moreno, M. V. (1983). *A festa no faiado*. Vigo: Galaxia.
- Moreno, M. V. e Rábade Paredes, X. e Alonso Girgado, L. (1987). *Literatura, 3º BUP*. Vigo: Galaxia / SM.
- Moreno, M. V. (1988). *Anagnórise*. Vigo: Galaxia.
- Moreno, M. V. (1989). *O cataventos*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Moreno, M. V. (1989). “Nico e Miños”, en VV. AA., *8 contos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Moreno, M. V. (1991). *As linguas de España*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Moreno, M. V. (1991). *Verso e prosa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Moreno, M. V. (1994). *¿Un cachiño de bica?* Vigo: SM.
- Moreno, M. V. (1994). “¿Escritora alófono eu?” en *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso*. Vigo: Galaxia.
- Moreno, M. V. (1994). *¿Un cachiño de bica?* Vigo: Galaxia.
- Moreno, M. V. (1997). *¿E haberá tirón de orellas?* Vigo: Galaxia.
- Moreno, M. V. (1998). *¡Xa non teño medo!* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Moreno, M. V. (1999). *Guedellas de seda e liño*. Vigo: Galaxia.
- Moreno, M. V. (1999). *Leonardo e os fontaneiros*. Vigo: Galaxia.
- Moreno, M. V. (2000). “O mestre das palabras”: *La Voz de Galicia*, 22 de febreiro.
- Moreno, M. V. (2004). *Diario da luz e a sombra*. Vigo: Xerais.
- Moreno, M. V. (2005). *Eu conto, ti cantas....* Vigo: Xerais.
- Moreno, M. V. (2006). *Elexías de luz*. Vigo: Xerais.
- Moreno, M. V. (2009). *Mar adiante*. Vigo: Xerais.
- Moreno, M. V. (2009). *Onde o aire non era brisa*, trad. Xavier Senín. Vigo: Galaxia.

Moreno, M. V. (2017). *A brétema*. Santiago de Compostela: Urco Editora.

Moreno, M. V. (2017). *O amor e as palabras*. Santiago de Compostela: Urco Editora [Reúne: “Querida avoa”, “S.O.S.”, “O libro das saudades e os degoiros”, “Pan con chocolate”, “O encontro”, “O grumete” e “O amor e as palabras”].

Moreno, M. V. (2018). *Un can chamado Morito*. Pontevedra: IES Gonzalo Torrente Ballester e Concello de Pontevedra.

Obra de tradución

Casares, Carlos (1983). *El perro Rin y el lobo Crispín (O can Rin e o lobo Crispín, (1983)*. Moreno Márquez, M. V. trad. Barcelona: La Galera.

Pedrolo, Manuel de (1989). *Mecanoscrito da segunda orixe (Mecanoscrit del segon origen, (1974)*. Moreno Márquez, M. V. trad. Vigo: Galaxia.

Rocha, Ruth (1984). *Dois idiotas sentados cada qual no seu barril (Dos idiotas sentados cada uno en su barril) (1987)* Moreno Márquez, María Victoria trad. Barcelona: Aliorna, S. A. Editorial.

Bibliografía sobre María Victoria Moreno

Casalderrey, Fina e Aleixandre, Marilar (2018). *María Victoria Moreno. A muller que durmía pouco e soñaba moito*. Vigo: Xerais.

Soto, Isabel e Senín, Xavier (2018). *María Victoria Moreno. Sementadora de futuro*. Vigo: Xerais.

Penas, M. (2018). *A voz insurrecta. María Victoria Moreno entre a literatura e a vida*. Vigo: Galaxia.

Gracián, Ánxela (2018). *Doce cartas a María Victoria Moreno. A Coruña*: Hércules de Ediciones.

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord., 2015). *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*. Vigo: Xerais.

Soto, Isabel e Senín, Xavier (2018). *Cadernos Ramón Piñeiro XXXVIII. María Victoria Moreno*. Xunta de Galicia.

Otero, D. (2018). *Cadernos Ramón Piñeiro XXXVIII. María Victoria Moreno*. Xunta de Galicia.

Ríos Liste, Eli (2016). *Mulleres bravas da nosa historia: María Victoria Moreno*. A Coruña: Urco Editora.

García Mato, J. L. (1974). “María Victoria Moreno Márquez veu a Vilalba e falamos de Galicia e do Galego”, *El Progreso*, 15 de abril.

Fraga, X. (2017). “María Victoria Moreno Márquez, unha «fada chovida do ceo»”, *La Voz de Galicia*, 18 de xuño.

Carballa, X. (2004). “María Victoria Moreno: «Estamos ben programados, gozamos da vida pero ao final aceptamos a morte»”, *A Nosa Terra*, 30 de decembro.

Carballal, P. (2017). “2018. A anagnórise de María Victoria Moreno”, *Praza Pública*, 27 de decembro.

Neira Cruz, X. A. (1999). “María Victoria Moreno: Estou a escribir a contrarreloxo”, *Fadamorgana*, n. 3, decembro.

(1999) “Á beleza polo lirismo e a tenrura. Achegamento á obra de María Victoria Moreno”, *Fadamorgana*. n.º 3, decembro de 1999).

Alonso Montero, X. (2015). “«Danza da lúa en Santiago». Suxerencias para unha aproximación a Federico García Lorca, poeta galego (1985). E unha nota introdutoria non innecesaria”, *Madrygal*.

Rocha, Ruth (1984). *Dois idiotas sentados cada qual no seu barril*. Salamandra.

Webgrafía

Real Academia Galega: <https://academia.gal/letras-actual>; <http://primaveradasletras.gal/>

Portal Galego de Educación: <http://botons.eu/2017/09/11/letras-2018-peneira-de-recursos-sobre-maria-victoria-moreno/>

Portal da Lingua Galega: <http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/dia-das-letras-galegas>

Galipedia: https://gl.wikipedia.org/wiki/Mar%C3%ADa_Victoria_Moreno

Consello da Cultura Galega: <http://culturagalega.gal/>

Asociación de Escritores en Lingua Galega: <http://axendaei.gal.blogaliza.org/tag/maria-victoria-moreno/>

Asociación Galega de Editoras: <http://www.editoresgalegos.org/convocado-i-premio-maria-victoria-moreno-de-literatura-xuvenil/>

Praza Pública: <http://praza.gal/cultura/14390/dez-mulleres-para-as-letras-2018/>

Espazo Abalar: <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/espazo/repositorio/cont/maria-victoria-moreno-letras-galegas-2018>

https://revoltadafreixa.blogspot.com.es/2009/10/maria-victoria-moreno-onde-o-aire-non_26.html

Fotografías

O fondo fotográfico utilizado na elaboración dos carteis e da guía pertence ao arquivo da familia de María Victoria Moreno Márquez.

Contouse coa autorización expresa para a súa utilización e difusión nesta guía e carteis impresos e para a versión web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

*"as persoas estamos feitas para levar
adiante os proxectos
máis fermosos"*

*IES Gonzalo
Torrente
Ballester
(Pontevedra)*